

**La globalización neoliberal en Chiapas**

JORGE ALBERTO LÓPEZ ARÉVALO  
(Colección Social y Humanística).

Tuxtla Gutiérrez (Chiapas): Universidad Autónoma de Chiapas. 2007  
[514 páxinas]

*Recibido:* 23 de setembro de 2008

*Aceptado:* 25 de setembro de 2008

O estudo da globalización en América Latina resulta unha temática que non por extensamente tratada na literatura económica deixa de ofrecer aspectos dun grande interese para quen desexa aproximarse a unha máis completa comprensión da realidade socioeconómica latinoamericana.

O libro que hoxe nos ocupa destaca neste sentido, e constitúe o resultado da traxectoria investigadora do doutor Jorge López Arévalo, quen defendeu a súa tese de doutoramento *Globalización neoliberal y exclusión: el caso de Chiapas* no ano 2006, baixo a dirección do doutor Óscar Rodil Marzábal, profesor do Departamento de Economía Aplicada na Universidade de Santiago de Compostela.

Este traballo sustenta a hipótese de que o proceso de globalización con orientación neoliberal está xerando zonas de exclusión en diferentes áreas do continente, como sucede en México e, concretamente, en Chiapas.

Nunha investigación que transcende o marco da dedicación exclusiva aos referentes económicos, o seu autor aborda os efectos dese proceso a través do comportamento de indicadores coma o *produto interno bruto per cápita*, o *índice de desenvolvemento humano* e o *índice de marxinação*, que se atopan en niveis considerados críticos no caso chiapaneco. O diagnóstico que nos ofrece alcanza unha particular importancia polas propias características deste Estado mexicano que posúe unha alta porcentaxe de poboación indíxena e de individuos que viven en situación de pobreza no ámbito rural.

A preocupación polas crecentes diverxencias económicas entre as zonas do país e polas posibilidades reais de desenvolvemento –seguinto a pioneira concepción de Raúl Prebisch sobre o termo– de economías periféricas como a de Chiapas, motivan non só a identificar os factores que as perpetúan senón tamén a reflexionar sobre propostas alternativas de desenvolvemento.

Con este propósito o libro estruturouse en tres partes. A primeira –“Globalización y neoliberalismo en América Latina”– percorre en dous capítulos os principais trazos da recente reorganización da economía mundial á luz da estrutura produtiva e comercial condicionada pola globalización para, posteriormente, particularizar as tendencias que tal proceso seguiu en América Latina e os resultados da implementación da política neoliberal.

A segunda parte –“La inserción de la economía mexicana en el Tratado de Libre Comercio de América del Norte (TLCAN)”–, que se compón de dous capítulos, ofrece un análise polo miúdo da economía nacional que abarca desde a necesaria reestruturación provocada pola crise da débeda do ano 1982 ata as transformacións económicas derivadas da sinatura do Tratado no ano 1994, e a súa situación actual.

Ademais, mediante unha panorámica de varios indicadores –investimentos estranxeiros, PIB *per cápita* e de produción de produtos agrícolas–, facilita coñecer cal é a posición de México dentro dos países membros do TLCAN e, á súa vez, a situación de Chiapas respecto do total do país.

A terceira parte do libro –“La economía chiapaneca”– expón en tres capítulos unha valoración do desenvolvemento económico da rexión desde a década dos anos setenta ata o presente, onde se pon de manifesto que as debilidades da súa estrutura produtiva se agravaron a partir da aplicación das receitas neoliberais e se pon a énfase na perda da importancia relativa que sofre Chiapas na economía mexicana.

A marxinação económica estúdase aquí en estreito vínculo coa social, e esta non pode explicarse sen ter en conta o seu perfil étnico. O tratamento outorgado a este problema constitúe unha achega de considerable interese ao resaltar que calquera camiño cara ao desenvolvemento ten, necesariamente, que resolver a situación de deterioración da poboación indíxena.

Así, identifícase un conxunto de elementos que conducen a unha proposta alternativa de política económica baseada no investimento público para establecer unha dinámica de crecemento económico sustentable e que acometan programas sociais de educación, vivenda e saúde nestas rexións.

Estas conclusións corroboran que a investigación desenvolvida polo autor resulta dunha gran relevancia pola súa aplicación a outros casos que, como sucede con Chiapas, necesitan reorientar as súas políticas económicas e sociais para superar os graves atrancos ao desenvolvemento.

NÉLIDA LAMELAS CASTELLANOS  
Universidade de Santiago de Compostela